

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA DURANTE O CURSO 2023/24 COA FINALIDADE DE MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS CONVOCADAS POLA ORDE DE 28 DE DECEMBRO DE 2023 (código de procedemento ED504E).

A Orde da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 28 de decembro de 2023, publicada no DOG do 25 de xaneiro de 2024, regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa durante o curso 2023/24 coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras (código de procedemento ED504E).

Unha vez rematada a valoración das solicitudes pola Comisión de Valoración, de conformidade co establecido no artigo 12 da devandita Orde,

RESOLVO:

Primeiro-. Publicar no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia www.edu.xunta.gal a resolución provisional dos centros beneficiarios e non beneficiarios das axudas co importe asignado a cada centro educativo (Anexo I).

Segundo-. Contra esta resolución poderanse efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das axudas ante a persoa que exerza a presidencia da comisión no prazo de 10 días hábiles a partir do día de publicación desta resolución provisional no portal educativo.

Judith Fernández Novoa
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Para unha maior axilidade na xestión, prégase adiantar as posibles alegacións por correo electrónico ao enderezo auxiliaresgalicia@edu.xunta.gal. Non obstante, é preciso entregar a reclamación igualmente por rexistro electrónico.

